



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
21 DE FEBREIRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Informar das actuacións na parroquia

2.- Varios

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas, do día vinte e un de febreiro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- José Antonio Sánchez Méndez, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Rosa González Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- José Ignacio Novelle García, representante das entidades deportivas
- Milagros Rodríguez Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias:

Asiste ao Consello Parroquial de Cesantes o Concelleiro de Tráfico, Arturo González Barbeiro.

O Presidente permite a entrada da veciñanza para presenciar o Consello Parroquial debido ás informacións que vai dar o Concelleiro de Tráfico. Indícalles que é algo excepcional e que poden estar presentes sen falar.

1.- Informar das actuacións na parroquia



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que as obras da lonxa xa están incluídas no orzamento de Portos de Galicia e neste momento estase a licitar a empresa.

No colexio de Cesantes fíxose unha actuación fruto das xuntanzas mantidas tanto no colexio como no Concello. O Presidente da Deputación estivo no lugar e están construindo as beirarrúas. Fíxose con carácter de urxencia un acceso para minusválidos porque hai un alumno en cadeira de rodas ao que lle houbo que facilitar a entrada. Este acceso tamén é bo por se ten que vir unha ambulancia. Vaise pintar para sinalizar unha praza para minusválidos e facer unha pequena rampa.

Á asociación de festas do Carmen xa se lle comunicou que se ten permiso de costas para o pantalán e neste momento se localizou un provisional de segunda man. O Concello porase en contacto coa asociación para ver o estado do pantalán e a ubicación. Intentarase buscar unha ubicación definitiva para que ese pantalán quede.

Para o clube de remo do Centro Cultural conseguíronse os permisos para pintar o galpón e cambiarlle o tellado e pronto empezarán as obras. No Círculo Cultural de Cesantes a escaleira que ocupa moito espazo e o pasamáns é de corda o que resultaba perigoso. A primeira actuación foi colocar un pasamán con protección nos lados. O propio centro está tramitando unha subvención para cambiar a escaleira de sitio e gañar máis metros e o pasamán aproveitarase.

A asociación de veciños de Cesantes presentou dosieres no Concello con peticións de necesidades para a parroquia das que moitas se cumpriron.

Xa se ten permiso de costas para cortar as árbores do paseo da praia. Os concelleiros de vías e obras e parques e xardíns están valorando que árbores cortar e por cales substituílos, porque non se trata de cortar árbores porque sí. O problema é que as raíces destas árbores están destruindo as tuberías do saneamento e levantado o o paseo. O Presidente facilita o seu enderezo electrónico e teléfono pedindo suxerencia sobre este tema dos colectivos veciñais. Que estes colectivos leven o tema ás súas asembleas para achegar ideas.

Co obradoiro de estudos Fernando Monroy houbo unha xuntanza por un traballo que fixo o obradoiro sobre as telleiras. Este traballo fíxose no propio lugar e o Concello vai traballar coa asociación para recuperar esa zona. Dende



CONCELLO DE REDONDELA

o propio Concello xa se están dando os primeiros pasos para a súa recuperación, vendo se é necesario ou non a figura incluso dun arqueólogo.

O vindeiro día 9 de marzo ás 18.00 horas vai haber unha manifestación en Chapela en contra da ampliación da AP 9. Van estar todos os partidos políticos do Concello que unanimemente están en contra desta ampliación, xa que non soluciona o problema do tráfico. Ademais as estatísticas din que o tráfico na ponte está diminuindo. Espérase a asistencia de toda a veciñanza do Concello.

No Consello Parroquial de hoxe asiste o Concelleiro de Tráfico para informar sobre as actuacións de Fomento no casco urbano debido á preocupación que manifesta a veciñanza e á solicitude que fixo a asociación de veciños.

Arturo González Barbeiro informa a directiva da asociación de veciños de Cesantes o luns 18 foi ao Concello para manter unha entrevista co Alcalde na que solicitaban información sobre a instalación do semáforo. O Alcalde recibunos e se lle deu a información da que se dispoñía no Concello coas explicacións que Fomento dera ao propio Concello para así resolver todas as dúbidas que dende a asociación de veciños se poideran plantexar.

A instalación do semáforo é unha petición que a veciñanza ven facendo de lonxe e por mor dos accidentes que se produciron recentemente foise reforzando máis. A propia asociación de veciños fixo de forma xenérica a petición dun semáforo, tamén houbo unha petición de semáforo á altura do Centro Médico. Houbo peticións a Fomento sobre puntos concretos, que van atendendo según van podendo, pero o atropelo e a emborcadura da camioneta foron os que calaron. O Regulamento de Fomento é moi ríxido e po enriba de calquera outra situación prima a seguridade viaria, toman a decisión e a transmiten. Viñeron o responsable da demarcación de Pontevedra e o Enxeñeiro que indicaron onde se poñía o paso de peóns que é a altura do bar chamado Nolete. Nesa ubicación advertiron o xiro que se fai dende o sentido de Pontevedra tomando a polémica decisión que levou á xuntanza do luns coa asociación de veciños, xa que este xiro á esquerda require unha isleta de espera. A realización desta isleta de espera supón a destrución de prazas de aparcamento en superficie.

Cando comezaron as obras a veciñanza mostrou a súa inquedaanza uns en contra e outros a favor. Cos enxeñeiros a pe de obra un enxeñeiro propuxo quitar o xiro á esquerda, pero cómo se lle di aos veciños que teñen que ir a dar a volta ao cole de Cesantes para ir ás súas vivendas. A única solución alternativa á isleta é a xeración de rotondas nas curvas mortas, tal e como pedían o PP e o PSOE, pero a realidade é que as inversións en Fomento van moi lentas. A única solución real que dá Fomento, despois de consideracións



CONCELLO DE REDONDELA

técnicas e económicas é a da isleta coa supresión de prazas de aparcamento que vai supoñer un perxuízo para os veciños e o comercio da zona.

José Antonio Sánchez Méndez aproveita para dar as grazas porque o Alcalde os recibira o luns sen cita previa. O propósito da xuntanza era que se dera información á asociación de veciños do que se ía facer. A asociación de veciños non foi informada e solicitaban unha copia do proxecto (que o Concello non lles deu), non se tiña coñecemento da isleta e a asociación de veciños non pediu o semáforo porque o Concello dixo que xa estaba pedido. E que a asociación non está en contra do semáforo ou de subir ou baixar que o único que pedían era información. A asociación o único que pediu era que se parase o pintado ata que se celebrara o Consello Parroquial.

O Consello Parroquial se tiña que ter celebrado antes, hai un mes e que manifesta que para que quede claro que non sabían nada da obra e ningún membro da directiva se dirixiu aos obreiros. Como presidente da asociación de veciños lle parece que o Presidente do Consello Parroquial é un inconsciente ao convocar aos veciños da zona alta, xa que se alguén tivera avisado aos veciños que se sinten perxudicados da zona baixa, se podería ter producido un enfrentamento entre veciños polo que reitera que o Presidente actuou con irresponsabilidade ao permitir a entrada deses veciños.

A asociación de veciños fixo a suxerencia de poñer unha liña continua para que os vehículos non adianten en casco urbano porque non se pode. Indica que el tamén é un perxudicado porque non poder facer o xiro para Carballiño, pero para o outro lado si se pode.

O Presidente di que á veciñanza se lle informou e que a todas/os que preguntaban se lles informaba, incluso cando estaban facendo as obras, el estaba presente e a todas/os as/os que preguntaban se lles resolvían as dúbidas.

José Antonio Sánchez Méndez indica que lle parece unha falta de respecto que non se cumpra o regulamento, xa que non se pediu permiso para que asistiran veciños a esta xuntanza. O Presidente di que é baixo a súa responsabilidade porque o tema polo que acode o Concelleiro de Interior afecta a toda a veciñanza de Cesantes.

Cecilia Pérez Orge di que este órgano está para solucionar problemas concorda co presidente da asociación de veciños en que se debería traer o tema ao Consello Parroquial debido á súa repercusión para a parroquia, porque o seu grupo municipal enterouse pola prensa e a información a debería ter



CONCELLO DE REDONDELA

antes o Consello parroquial, para evitar que a información sexa sesgada e un enfrentamento entre a veciñanza. Que sen ver o proxecto (que seguramente non existe) non se atreve a facer unha valoración da situación, pero que o que debe primar sempre é a seguridade por enriba de calquera cousa, incluíndo as prazas de aparcamento. Así que se pronunciará cando se lle mostre o proxecto. Que dende logo sempre que se toma unha decisión non se pode contentar a todos, pero debe intentarse facer o menor dano posible e contentar á maior parte. Solicita que se traia o proxecto a semana que ven para opinar.

José Leonardo Cabaleiro Couñago di que houbo un ocultismo por parte do goberno e que se tiña que traer a información ao Consello Parroquial e facilitarlla aos partidos políticos e colectivos da parroquia e que espera que esta situación non se volva a repetir. O PSOE tiña un plan para mellorar o tráfico no Alto de Cesantes e cando soubo que se ía facer unha actuación ofreceulle a súa colaboración ao Concello.

O Presidente di que é certo que ofreceu a colaboración por teléfono, que teñen un DVD, que está pendente de entregar.

José Leonardo Cabaleiro Couñago di que o único que pide é que esta situación non volva a ocorrer porque o Consello Parroquial está para isto e entre todas/os membros se tiña que tratar de buscar un equilibrio entre a veciñanza que se beneficia do acceso e o comercio da zona.

Luis Antonio Medal Martínez di que é importante saber con antelación os asuntos que se traen ao Consello Parroquial porque as/os representantes dos colectivos teñen que tratalo cas/os súas/seus membros, porque se lle preguntan a súa opinión el non sabería que dicir. Solicita que se traian os proxectos.

O Presidente di que este é o primer Consello Parroquial e que o traer ao Concelleiro de Interior xurdiu pola xuntanza que se mantivo o luns co Alcalde e pola petición da asociación de veciños de que se trouxera ao Concelleiro de Tráfico para que dera información á veciñanza, por iso tamén se lles deixou entrar.

José Leonardo Cabaleiro Couñago di que o Concelleiro de Tráfico se comprometeu a presentar un plan de tráfico en decembro e aínda está sen presentar.



CONCELLO DE REDONDELA

Arsenio Martínez Ricón pregunta pola solución que se ten previsto dar á entrada de Cesantes na Capela de Santa Mariña, porque non se pode entrar e saír, hai vehículos aparcados e á entrada e saída do instituto non se pode circular.

José Antonio Sánchez Méndez le os artigos 1 e 3 do Regulamento dos Consellos Parroquiais de Redondela. Trala lectura dos artigos lle recorda ao Presidente do Consello Parroquial D. Jesús Crespo que os estude ben para que teña en conta en futuras xuntanzas para que son estes consellos parroquiais e cal é a súa función, xa que non consentirá que o Presidente se salte o Regulamento cando lle pareza.

Arturo González Barbeiro di que a entrada da Capela de Santa Mariña é un quebradeiro de cabeza para el como Concelleiro, para Fomento, para a Policía Local e para a Garda Civil. Está por desenvolver o viario de Santa Mariña e as expropiacións. Fíxose algunha mellora coa apertura de aparcamentos, pero é moi difícil dar solución ás horas punta. As persoas que viven na Picota teñen un xiro á esquerda que é moi perigoso e que ademais tapona. Fomento asfaltou a zona pola parte de abaixo do *scalextri*. Vaise mellorar a zona cortándose o xiro, terásese que dar a volta debaixo do *scalextri*. Tamén se quitou a zona de aparcamento no supermercado para facer máis fluído o tráfico, queda pendiente o tema da sinalización. A Fomento se lle solicitou unha rotonda máis adiante na curva pasando a gasolinera e daría entrada pola serrería. Isto propúxose a Fomento e decidirán se pode ser ou non. Esta información é coñecida por todos os partidos políticos.

José Leonardo Cabaleiro Couñago di que non se lle pasou aos partidos. O PSOE e cre que tamén o BNG tiñan no seu programa electoral solicitar unha rotonda para Cesantes porque se trata do sentido común.

Arturo González Barbeiro di que se traerá ao Consello Parroquial e se demostrará que se lle pasou información aos partidos. Queda pendiente o pintado da zona onde está o taller, cando o veña bo tempo se fará, Fomento pintou na zona da Capela en dirección Cesantes para que haxa unha vía de escape. O é que a partir de agora as/os veciñas/os estean informados, que este é o primeiro Consello Parroquial, pero farase unha comunicación máis fluída. A veciñanza fará as súas propostas e o Concello verá cales son ou non viables.

O PP tamén tiña un proxecto de rotonda para Cesantes para garantir a seguridade vial, pero aínda que se lle propuxo a Fomento, quen ten a decisión última é Fomento. A realidade é que Fomento polo de agora non hai rotonda nin se lle espera, polo que a única solución viable para mellorar a seguridade



CONCELLO DE REDONDELA

de Cesantes é a decisión que tomaron. Fomento nunca enviou un proxecto ao Concello de Redondela porque a decisión é deles e aínda que o goberno é do PP os técnicos seguen sendo igual de rixidos. O anterior semáforo que se instalou na zona o puxo Fomento onde estimou que era seguro sen escoitar as recomendacións nin do Concello nin da veciñanza. A Fomento se lle poden facer peticións ou suxerencias e eles atenden a elas segundo as súas regras. Na actuación actual o que se lle pediu foi que a supresión das prazas de aparcamento en superficie foran as menos posibles. O plano das actuacións se lle pedirá e cando o envíen se traerá ao Consello Parroquial.

Coincide con Cecilia Pérez Orge en que o que primeiro debe primar é a seguridade e non está disposto a asumir que por ter máis prazas de aparcamento alguén sufrira un accidente. A actuación primeira de Fomento foi de poñer un semáforo, pero cando fan unha actuación melloran a seguridade da contorna, por iso fan a isleta de espera, advertiron que era unha situación perigosa coa eliminación de prazas de aparcamento. No momento que haxa outra solución mellor volveranse a poñer as prazas de aparcamento porque só se trata dun problema que se arranxa con pintura.

O Concelleiro de Tráfico informa que na xuntanza do luns as/os membros da asociación de veciños dixeron que ían parar as obras. José Antonio Sánchez Méndez di que se dixo en tono de broma non era en serio.

José Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta se se van facer a A 57 ou a A 59 porque si que influirían no tráfico da N 550. E se se pediu a constestación ao Ministerio.

Arturo González Barbeiro di que se lle pediu, pero non contestaron. Comprométese a solicitar información e está a favor de calquera alternativa que solucione.

Cecilia Pérez Orge di que se necesitaría ver o proxecto, todas as actuacións que se estudan son un parche, xa que Cesantes non pode soportar máis tráfico pesado nin o volumen de tráfico que soporta. Esta estrada debería ser da Xunta para así poder eliminar o tráfico pesado. O problema de Fomento é que a opinión das/os técnicas/os pesa máis ca dos políticos. Sobre o tema das autovías di que hai que ter coidado porque unha das que estaban non soluciona o problema do tráfico pesado en Cesantes.

José Antonio Sánchez Méndez di que a asociación de veciños non solicitou en ningún momento que non se fixera a isleta, só se pediu información.



CONCELLO DE REDONDELA

Arturo González Barbeiro di que á xuntanza do pasado luns o Alcalde recibiu ás persoas que dicían en todo momento representar legalmente á veciñanza de Cesantes porque tiñan casi 800 socias/os. Que a esta xuntanza viñan con ideas erróneas e se lles explicou o mesmo que se está a explicar aquí, e que as persoas que acudiron á xuntanza mostraron o seu rexeitamento á actuación porque perxudicaba ao comercio da zona. E que se explicou na xuntanza que o tema da isleta de espera non era unha decisión do Concello, tal e como se aseguraba na prensa, porque o Concello só pediu o semáforo o da isleta foi un tema de seguridade de Fomento, xa que o Concello non ten potestade de decisión neses temas. Dende o Concello se lle pediu un paso de peóns e se lle suxiren os lugares de acordo coas demandas veciñais, pero a ubicación a fixan eles. Por exemplo á altura do Centro Médico non se pode poñer por motivos de seguridade.

Sobre o da raia continua en todo o núcleo urbano que pedía José Antonio Sánchez Méndez dicirlle que iso implicaría que a veciñanza tería que ir a dar a volta a Soutoxuste ou ao colexio e sí se pode adiantar en casco urbano.

O Presidente indica que se lle deu información a todas/os as/os veciñas/os que preguntaban, non por ser ou estar alguén nunha asociación ten que ter máis privilexios de información que as/os demais.

Arturo González Barbeiro di que só hai dúas solucións unha é a rotonda, que polo de agora non se vai facer e a outra a corto prazo que esta actuación que se está a facer. Senon a única alternativa é anular o semáforo, porque sen isleta de espera Fomento non realiza ningunha actuación na zona.

José Antonio Sánchez Méndez di que hai un problema grave no cemiterio porque non hai nichos para vender. O Presidente infórmalle que se trata dun cemiterio parroquial e non é competencia nin do Concello de Redondela nin do Consello Parroquial.

José Antonio Sánchez Méndez propón que se modifique o Regulamento para que as sesións do Consello Parroquial sexan abertas ao público ou como segunda opción que as/os suplentes poideran asistir. Tamén propón que as actas sexan publicadas na páxina web do Concello.

José Leonardo Cabaleiro Couñago propón que retomando o tema da seguridade vial se traia ao próximo Consello Parroquial o problema da zona do Monchiño ata o colexio.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que as propostas se levarán na orde do día do próximo Consello Parroquial.

Jorge Rodríguez Crespo pregunta que é o que van pintar. O Presidente informa que se non fóra polo tempo xa estaría pintado, que non están contentos con que quiten as prazas de aparcamento, pero o que primeiro deber primar é a seguridade e Fomento tomou a única decisión que se podía tomar.

Jorge Rodríguez Crespo di que é a mellor opción, que se perxudica a 30 persoas para beneficiar a 300 que viven no barrio de Outeiro de Penas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.